

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

ORDE do 21 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para os anos 2022 e 2023 das axudas a investimentos non produtivos vinculadas á realización de obxectivos agroambientais e climáticos na Rede Natura 2000 de Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (código de procedemento MT814A).

A Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestre, creou unha rede ecolóxica europea denominada Natura 2000 que constitúe un instrumento fundamental da política da Unión Europea en materia de conservación da biodiversidade. A Rede Natura 2000 está composta polos lugares de importancia comunitaria (en diante, LIC), ata a súa transformación en zonas especiais de conservación (en diante, ZEC), polas ditas ZEC e polas zonas de especial protección para as aves (en diante, ZEPA).

A Rede Natura 2000 en Galicia está conformada por 16 zonas de especial protección para as aves (ZEPA) e 59 zonas especiais de conservación (ZEC). As dezaseis ZEPA abarcan 101.134,9 hectáreas, especialmente nos ecosistemas costeiros, áreas de montaña e zonas húmidas do interior. En canto ás ZEC, estas suman unha superficie total de 374.434,8 hectáreas. En conxunto, a superficie galega incluída na Rede Natura supón preto do 12 % do territorio da Comunidade Autónoma. Cabe destacar que todos os espazos Natura 2000 se integran na Rede galega de espazos protexidos conforme o establecido no artigo 31 da Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e biodiversidade de Galicia.

Mediante o Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia declaráronse ZEC os 59 LIC existentes en Galicia e se aproba o seu correspondente instrumento de xestión: o plan director da Rede Natura 2000 inclúe os obxectivos de conservación dos lugares e as medidas apropiadas para mantelos nun estado de conservación favorable. Para isto, o plan clasifica as ZEC e ZEPA en tres grupos de tipoloxía afín: a) área litoral, b) humidaes e corredores fluviais e c) área de montaña, e agrupa os obxectivos e medidas propostas en distintas prioridades para cada un destes grupos.

Por outra banda, o Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014_2020, aprobado por Decisión de execución da Comisión do 18.11.2015 e modificado en última

CVE-DOG: gbt5tmd0-kmi4-cz73-rav0-3quj9pokpgq6



instancia mediante a Decisión de execución da Comisión C(2021) 4527 final, do 17 de xuño de 2021, e elaborado ao amparo das disposicións do Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e aprobado mediante a Decisión de execución da Comisión do 18 de novembro de 2015, recolle entre as súas liñas básicas de actuación «Conservar e revalorizar o patrimonio natural de Galicia, promover a xestión sustentable dos recursos naturais e a loita contra o cambio climático» e «Mellorar a calidade de vida da poboación rural fomentando a prestación de servizos básicos que axuden á fixación da poboación no medio rural, a creación de emprego e a redución do risco de pobreza».

O artigo 17.d) do Regulamento 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello establece o apoio aos investimentos non produtivos vinculados á realización de obxectivos agroambientais e en materia de clima, como o estado de conservación da biodiversidade de especies e hábitats e o reforzo do carácter de utilidade pública dunha zona da rede Natura 2000 ou doutros sistemas de alto valor natural. Ao amparo deste artigo, o Programa de desenvolvemento rural (PDR) 2014-2020 incorpora a submedida 4.4 «Axuda aos investimentos non produtivos vinculados á realización de obxectivos agroambientais e climáticos». Con esta medida apóianse proxectos en zonas da Rede Natura 2000 para a mellora da paisaxe rural e os seus elementos representativos e proxectos para o mantemento das condicións ambientais dirixidas á recuperación e conservación de especies relacionadas co medio agrario e os seus hábitats. Estas actuacións son coherentes coas medidas propostas no Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.

O réxime xeral das axudas e subvencións na nosa comunidade autónoma establécese nas disposicións básicas da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, modificada en última instancia pola Lei 13/2015, do 24 de decembro. A nivel regulamentario, a normativa principal está representada polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Esta orde cumpre coas exixencias da citada normativa.

O Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, sinala no seu artigo 11 que a Dirección Xeral de Patrimonio Natural exercerá as competencias e funcións atribuídas á consellería en materia de conservación, protección, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia e dos seus elementos etnográficos e a súa preservación para as xeracións futuras e, en particular, atribúelle no número 1, letra f) a conservación específica dos espazos que compoñen a Rede galega de espazos protexidos



e da Rede Natura 2000 de Galicia ou doutras zonas de alto valor ambiental, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos.

De acordo co anteriormente exposto, respectando os contidos da Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, da Lei 42/2007, do 13 de decembro, en concordancia co disposto no artigo 27.15 do Estatuto de autonomía de Galicia, e en uso das atribucións que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Finalidade e obxecto*

O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras do réxime de axudas dirixidas a restaurar, preservar e mellorar a biodiversidade nas zonas Natura 2000, nos sistemas agrarios de alto valor natural, así como a mellorar o estado das paisaxes agrarias galegas dentro dos espazos da Rede Natura 2000 ou nas súas áreas de influencia socioeconómica. Este obxectivo levarase a cabo por medio de proxectos que contribúan á mellora da paisaxe rural tradicional e dos seus elementos representativos e para o mantemento das condicións ambientais necesarias para a conservación ou recuperación de especies relacionadas co medio agrario e os seus hábitats. Inclúiranse axudas destinadas a investimentos non produtivos necesarios para conseguir obxectivos ambientais, é dicir, investimentos que non dean lugar a un aumento significativo do valor ou a rendibilidade das explotacións agrícolas e que contribúan á mellora do carácter de utilidade pública das zonas Rede Natura 2000 de Galicia.

Así mesmo, convócanse as axudas correspondentes aos exercicios orzamentarios dos anos 2022 e 2023 en réxime de concorrencia competitiva (procedemento MT814A).

Artigo 2. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán ser persoas beneficiarias das axudas reguladas nesta orde:

a) As persoas titulares de terreos agrícolas e forestais privados, entendendo por titular as persoas físicas ou xurídicas (agás sociedades mercantís, grupos de sociedades, agrupacións e unións temporais de empresas, cooperativas ou calquera outra entidade que exerza unha actividade económica) propietarias, arrendatarias ou xestoras de terras que realicen investimentos non produtivos necesarios para alcanzar os compromisos ad-

CVE-DOG: gbt5tmd0-kmi4-cz73-rav0-3quj9pokpgq6



quiridos baixo programas agroambientais ou outros obxectivos ambientais na Rede Natura 2000, ou aqueles que realicen investimentos nunha explotación que reforce o carácter de utilidade pública dunha zona Natura 2000.

b) Os concellos incluídos na Rede Natura 2000 na súa condición de xestores de elementos comúns da paisaxe agraria.

c) As asociacións ambientais e de custodia do territorio que sexan propietarias ou arrendatarias de terras agrícolas incluídas en áreas elixibles.

2. Só se admitirá unha solicitude e proxecto por solicitante.

3. En ningún caso poderán ter a condición de beneficiarias as persoas ou entidades en que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 e 3 da Lei 9/2007.

Artigo 3. *Réxime e principios de aplicación*

1. Estas axudas tramitaranse en réxime de publicidade, transparencia, concorrència competitiva, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados nesta orde e de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, tal e como se establece no artigo 5.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.

3. Conforme o anterior e o artigo 6.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, esta orde publicárase no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web oficial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda: <http://cmaot.xunta.gal/axudas-e-subvencions>

Artigo 4. *Ámbito territorial*

Para os efectos do seu financiamento a través do PDR 2014-2020, as axudas desta convocatoria aplicaranse a proxectos que se desenvolvan en zonas rurais de baixa densidade (ZPP) ou intermedias (ZIP) do ámbito de aplicación do Decreto 37/2014, do 27 de marzo,

CVE-DOG: gbt5tmd0-kmi4-cz73-rav0-3quj9pokpgq6



conforme a clasificación establecida polo grao de urbanización a nivel de parroquia. [Fonte: Instituto Galego de Estatística: Clasificación do grao de urbanización das parroquias (GU 2016)]. Deben considerarse non admisibles as actuacións nas parroquias definidas como densamente poboadas (ZDP) recollidas no anexo IX.

Tamén se aplicarán a proxectos que se desenvolvan en zonas rurais de baixa densidade (ZPP) ou intermedias (ZIP) dos terreos inmediatamente limítrofes cando da actuación resulte un beneficio directo para a ZEC ou ZEPA correspondente, entendendo como zonas limítrofes aquelas parroquias incluídas parcialmente na Rede Natura 2000.

Exclúense do ámbito desta orde os concellos que estean incluídos total ou parcialmente nun parque natural.

En ningún caso se financiarán actuacións en solo forestal que estean previstas na medida do artigo 25 do Regulamento (UE) 1305/2013.

Artigo 5. *Actividades subvencionables e importe*

1. Poderán ser obxecto das axudas previstas nesta orde as seguintes actividades:

a) Actuacións dirixidas á mellora da paisaxe agraria ou actuacións de desenvolvemento de usos recreativos:

1º. Creación e/ou mellora de cercas, sebes, vexetación de lindes e bordos non cultivados nas parcelas agrícolas que incrementen o valor paisaxístico do territorio.

2º. Actuacións para a mellora da paisaxe rural, como a restauración de muros de cachotaría e cantaría.

3º. Restauración ou adecuación de carreiros rurais.

4º. Creación de rutas e áreas recreativas, así como os investimentos necesarios orientados a proporcionar o equipamento de información e interpretación adaptados ás características dos espazos naturais como elementos interpretativos, paneis informativos, observatorios ou elementos de análoga natureza asociados ás rutas ou ás áreas relacionados coa mellora do carácter de utilidade pública de Natura 2000 destinadas a visitantes ou habitantes;

5º. Sinalizacións de camiños e sendas sempre que contribúa a aumentar o coñecemento dos valores naturais ou facilite o percorrido no dito espazo.

CVE-DOG: gbt5tmd0-kmi4-cz73-rav0-3quj9pokpgq6



b) Actuacións dirixidas á recuperación de elementos históricos ou culturais, representativos ou necesarios para o mantemento da paisaxe agraria tradicional:

1º. Rehabilitación de elementos históricos patrimoniais ou culturais, representativos nas explotacións agrícolas ou necesarios para contribuír ao mantemento da paisaxe rural tradicional: hórreos, milladoiros, cabanas, fontes, alvarizas, muíños ou fornos tradicionais sempre que non se empregue con uso habitacional. Realizarase dentro dos espazos naturais e conforme ao condicionado do anexo VI. Non serán elixibles os gastos de restauración de elementos do patrimonio histórico nin os arqueolóxicos, catalogados como bens de interese cultural ou incluídos en catálogos municipais.

c) Actuacións dirixidas á preservación dos hábitats ou ecosistemas naturais e seminaturais:

1º. Actuacións para a preservación de hábitats prioritarios ou de interese comunitario ou de hábitats de especies prioritarias, ameazadas ou de interese comunitario:

i. Creación de cercados naqueles casos en que sexa recomendable a limitación de acceso a persoas ou gando a unha determinada superficie para a protección das augas ou do solo, así como outras obras necesarias para facilitar a preservación dos hábitats ou das especies.

ii. Restauración de zonas húmidas, corrección de drenaxes e restauración de queirogais.

iii. Modificación de estruturas existentes para permitir o desprazamento da fauna salvaxe e outras actuacións de mellora da conectividade.

iv. Investimentos destinados á preservación da vexetación de ribeira e filtros verdes.

v. Eliminación de especies exóticas invasoras e restauración da vexetación característica do espazo.

vi. Modificación de estruturas existentes para permitir o desprazamento de fauna salvaxe, así como outras melloras da conectividade.

vii. Outras actuacións de diverso tipo que contribúan á preservación dos hábitats ou das especies. Por exemplo:

Eliminación ou permeabilización de barreiras que permitan a conexión entre zonas que alberguen hábitats ou poboacións afectadas pola fragmentación.



Actuacións encamiñadas á protección dos refuxios de especies de quirópteros cavernícolas (peche de explotacións mineiras abandonadas con reixas adecuadas para o paso de morcegos ou corrección naquelas explotacións que, atopándose pechadas, sexan inadecuadas para estas especies, incluíndo a eliminación de lixo e recuperación da entrada).

Restauración de puntos de auga ou áreas asolagadas como zonas importantes para a flora e fauna acuáticas ou terrestres.

Colocación de refuxios artificiais para especies forestais dependentes de ocos ou gretas para a súa viabilidade, no caso de bosques con arboredo xove e sen as ditas aberturas ou fendas.

2º. Actuacións de preservación de ecosistemas naturais ou seminaturais (prados de sega, soutos...).

2. En ningún caso serán subvencionables aquelas actuacións ou actividades que non sexan respectuosas coas finalidades e obxectivos da rede Natura 2000 ou que poidan poñer en perigo os valores que xustifican a protección destes espazos, recollidos segundo as prescricións contidas na normativa comunitaria, estatal e autonómica aplicables a estes espazos. Tampouco serán subvencionables aquelas medidas que xa foron obxecto de financiamento con cargo ao PDR 2007-2013 ou PDR 2014-2020, salvo que transcorresen máis de 5 anos desde o último pagamento.

3. Concederáse o 100 % do seu custo subvencionable, cun importe máximo de 20.000 euros/proxecto no caso das persoas beneficiarias do artigo 2.1.b) e de 12.000 € no caso das persoas beneficiarias referidas no artigo 2.1.a) e 2.1.c). Só se admitirá unha solicitude de axuda e un único proxecto por solicitante.

4. Dada a natureza dos investimentos subvencionables, estes débense manter afectados ao fin para o cal se lles concedeu a subvención, como mínimo durante cinco anos.

5. O IVE non será subvencionable.

6. Os custos vinculados ás operacións de investimento, tales como honorarios a asistencia en arquitectura, enxeñaría, ao asesoramento en xeral ou sobre a sustentabilidade económica e ambiental, incluídos os estudos de viabilidade a que se refire o artigo 45.2.c) do Regulamento (UE) 1305/2013, non poderán superar o 12 % do custo subvencionable do investimento.



7. Segundo o artigo 60 do Regulamento (UE) 1305/2013, unicamente se considerarán subvencionables os gastos efectuados despois de presentarse a correspondente solicitude á autoridade competente con excepción dos custos xerais previstos no artigo 45, número 2, letra c), en relación coas operacións de investimento efectuadas no marco de medidas incluídas no ámbito de aplicación do artigo 42 do TFUE.

Dado que o dito artigo tamén establece que os Estados membros poidan aprobar os gastos despois de aprobada a correspondente solicitude de axuda, establécese que serán subvencionables aqueles gastos efectuados despois da realización da acta de non inicio, agás o previsto no artigo 45, número 2, letra c) do Regulamento (UE) 1305/2013.

8. Non serán subvencionables os custos de mantemento e funcionamento.

9. As actividades que se van a realizar cumprirán co condicionado establecido no anexo VI desta orde.

10. As obras obxecto de subvención deberán axustarse á lexislación vixente e, en particular, a persoa interesada deberá contar coas licenzas e autorizacións preceptivas que sexan exixibles polas diferentes administracións públicas competentes e entidades vinculadas ou dependentes delas ao amparo da normativa sectorial que poida resultar de aplicación. No caso de ser aprobada, a actuación entenderase autorizada no ámbito da Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

11. A persoa beneficiaria poderá subcontratar totalmente a actividade ou acción subvencionada respectando, en todo caso, as prescricións contidas no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na súa normativa de desenvolvemento, así como na normativa que regula a contratación do sector público.

Igualmente, e para garantir a moderación de custos para todos os gastos incluídos na solicitude de axuda, deberán solicitarse, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación e presentalas xunto coa solicitude da axuda. En ningún caso se poderán subcontratar actividades que aumenten o custo da actividade subvencionada e non acheguen valor engadido ao seu contido.

Non serán subvencionables os custos relativos aos seguintes contratos: a) os que aumenten o valor de execución da operación sen achegar un valor engadido b) os celebrados con intermediarios ou asesores cuxo pagamento consista nunha porcentaxe de custo total da operación, a non ser que a persoa beneficiaria xustifique ese pagamento por referencia ao valor real do traballo realizado ou dos servizos prestados.

CVE-DOG: gbt5tmd0-kmi4-cz73-rav0-3quj9pokpgq6



Cando a beneficiaria sexa unha Administración pública, ademais de cumprir co disposto na normativa de contratación do sector público exixírase tamén a presentación de tres ofertas no caso de contratos menores.

12. O panel explicativo a que se refire o artigo 16 desta orde será subvencionable.

Artigo 6. *Criterios de valoración*

As axudas concederanse con base nos criterios de valoración que a seguir se indican:

1. Segundo o tipo de actuación:

a) Actuacións do grupo c), dirixidas á preservación dos hábitats ou ecosistemas naturais ou seminaturais.

1º. Actuacións para a preservación de hábitats prioritarios ou hábitats de especies prioritarias ou ameazadas: 25 puntos.

2º. Actuacións para a preservación de hábitats de interese comunitario ou hábitats de especies de interese comunitario: 20 puntos.

3º. Actuacións de preservación de ecosistemas naturais ou seminaturais: 15 puntos.

4º. Outras actuacións sobre ecosistemas naturais ou seminaturais: 10 puntos.

b) Actuacións do grupo b), Actuacións dirixidas á recuperación de elementos históricos patrimoniais ou culturais representativos ou necesarios para o mantemento da paisaxe agraria tradicional: 10 puntos.

c) Actuacións do grupo a), dirixidas á mellora da paisaxe agraria: 10 puntos.

d) Actuacións do grupo a), para o desenvolvemento de usos recreativos en espazos protexidos:

1º. Rutas para a práctica do sendeirismo e turismo de natureza: 10 puntos.

2º. Áreas recreativas situadas na zona 3 do Plan director Rede Natura 2000 ou fóra dos espazos pero inmediatamente limítrofes: 10 puntos.



3º. Áreas recreativas situadas na zona 2 do Plan director da Rede Natura 2000: 5 puntos.

2. Segundo o grao de adecuación da actividade ás directrices de xestión, á zonificación e a planificación do Plan director da Rede Natura 2000, e outros instrumentos específicos de planificación e xestión dos recursos naturais do espazo en que se desenvolva.

a) Actuacións recollidas como prioridades ou como beneficiosas para algún dos compoñentes da biodiversidade no Plan director da Rede Natura 2000: 25 puntos.

b) Actuacións recollidas nos instrumentos específicos de planificación e xestión do espazo protexido: 20 puntos.

c) Actuacións non incluídas na planificación do espazo pero contidas no Marco de acción prioritaria para a Rede Natura 2000 en España para o período de financiamento 2014-2020: 15 puntos.

d) Actuacións diferentes das anteriores recollidas como permitidas no Plan director da Rede Natura 2000: 10 puntos.

e) Actuacións diferentes das anteriores recollidas como autorizables no Plan director da Rede Natura 2000: 5 puntos.

3. Segundo a porcentaxe da superficie do municipio incluída na Rede Natura 2000 conforme a táboa de superficies que se indica no anexo IX:

a) Maior do 60 %: 25 puntos.

b) Entre o 30 % e o 60 %: 20 puntos.

c) Menor do 30 %: 15 puntos.

4. Segundo a poboación do municipio en 1.1.2016 (Fonte: Instituto Galego de Estatística 2020, a partir do padrón municipal de habitantes):

a) Menor de 5.000 habitantes: 15 puntos.

b) Entre 5.000 e 10.000 habitantes: 10 puntos.



c) Maior de 10.000 habitantes: 5 puntos.

5. Segundo a porcentaxe de afiliacións á Seguridade Social na agricultura, das persoas residentes no municipio (Fonte: Instituto Galego de Estatística, 2020). Período de referencia xuño 2017: de 15 a 5 puntos.

a) Maior de 10 %: 15 puntos.

b) Entre o 7 % e o 10 %: 10 puntos.

c) Menor de 7 %: 5 puntos.

6. En función da residencia da persoa solicitante:

a) Se a persoa solicitante reside en terreos dentro do espazo protexido: 15 puntos.

b) Se o/a solicitante reside en terreos fóra do espazo protexido pero no ámbito xeográfico de parroquias con territorio incluído total ou parcialmente no espazo: 10 puntos.

c) Se o/a solicitante non reside en parroquias con territorios incluídos no espazo natural pero si en municipios da súa área de influencia: 5 puntos.

7. Criterios relativos á actividade da persoa solicitante:

a) Proxecto presentado polo/a titular dunha explotación integrada en agricultura ecolóxica: 20 puntos.

b) Proxecto presentado por un/ha agricultor/a profesional: 15 puntos.

c) Proxectos presentados por entidades asociativas: 10 puntos.

d) Proxectos presentados por empresas que teñan un plan de igualdade aprobado: 5 puntos.

Os criterios 1, 2, 3 e 4 aplicaranse a todas as solicitudes. O criterio número 5 aplicarase ás solicitudes de entidades locais, e os números 6 e 7 ao resto das solicitudes.

A puntuación máxima dunha operación será de 140 puntos. Para que un proxecto sexa considerado, establécese que unha solicitude deberá obter unha puntuación mínima de 45 puntos, dos cales 15 deberán obterse nas dúas primeiras epígrafes de criterios.

CVE-DOG: gbt5tmd0-kmi4-cz73-rav0-3quj9pokpgq6



Artigo 7. Baremación e criterios de desempate

1. As axudas solicitadas serán baremadas segundo os criterios xerais de valoración establecidos no artigo 6.

2. No caso de que o proxecto presentado inclúa varias actuacións que correspondan a máis dun grupo de actividades do número 1 do artigo 5, a valoración segundo o tipo de actuación da totalidade do proxecto realizarase dentro dun único grupo, o correspondente á actuación ou actuacións cun maior peso orzamentario.

3. A dispoñibilidade orzamentaria asignada a esta convocatoria limitará o número de expedientes que se vaian aprobar. Neste sentido, ordenaranse os investimentos solicitados de acordo cos criterios de valoración indicados no artigo anterior e aprobaranse estes investimentos de maior a menor puntuación ata esgotar o orzamento dispoñible e, de ser o caso, aplicando as regras de desempate especificadas a seguir:

A igualdade de puntos, priorizaranse os proxectos localizados na súa totalidade en zonas Natura 2000. De persistir o empate, priorizaranse os proxectos que obteñan maior puntuación no número 1 (segundo o tipo de actuación) e, de continuar o empate, priorizaranse os proxectos que vaian obtendo maior puntuación en cada unha das epígrafes seguintes.

Artigo 8. Solicitudes

1. O prazo de presentación de solicitudes (anexo I) será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e irán dirixidas aos servizos de Patrimonio Natural das xefaturas territoriais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Entenderase como último día de prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

2. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

A presentación electrónica será obrigatoria para as administracións públicas, as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica e as persoas representantes dunha das anteriores.

CVE-DOG: gbt5tmd0-kmi4-cz73-rav0-3quj9pokpgq6



De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da presentación electrónica. Para estes efectos, considerárase como data de presentación da solicitude aquela en que for realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Aquelas persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente poderán presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 9. *Documentación necesaria*

Xunto coa solicitude deberá presentarse a seguinte documentación:

1. Para toda persoa interesada:

a) Acreditación da persoa representante que figure na solicitude por calquera medio válido en dereito de acordo co disposto no artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Anteproxecto ou memoria técnica das actuacións asinada por persoal técnico competente xustificativa das accións, que deberá conter, como mínimo, descrición de traballos ou actividades xustificando na ZEC ou ZEPA en que se vai traballar, a superficie de actuación e os obxectivos ambientais a que contribuirá a actuación, relación valorada, planos de situación e detalle, orzamento detallado e co IVE desagregado, calendario e prazo aproximado de execución. No caso de prever recorrer a medios propios da entidade, presentarase a documentación do proxecto desagregado diferenciando o custo da man de obra que vai usar xunto cos seus previsibles custos materiais. Achegaranse como mínimo, os datos indicados no anexo III.

Cando a axuda solicitada sexa aprobada e o investimento supere os 12.000 € presentárase, no prazo de 15 días desde o día seguinte ao de notificación da resolución de con-



cesión da axuda, un proxecto cos mesmos datos que o documento descritivo, asinado por persoal técnico competente. No caso de que a documentación técnica presentada xunto coa solicitude cumpra con todos os requisitos exixibles a un proxecto de obra, non será necesaria a presentación dun novo proxecto.

c) Tres ofertas de tres empresas diferentes orzando a execución daquelas unidades que se prevea executar mediante contratación. Os prezos das unidades de obra das actuacións subvencionables deben axustarse ao valor de mercado. As ofertas presentadas deberán incluír os mesmos elementos para seren comparables desde un punto de vista técnico-económico. Débese respectar a moderación de custos tal como establece o artigo 48.2.e) do Regulamento de execución (UE) 809/2014, da Comisión, do 17 de xullo de 2014. Para iso, para todos os gastos incluídos na solicitude de axuda deberán solicitarse como mínimo tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación, e presentalas xunto á solicitude de axuda.

As ofertas presentadas para cada gasto deberán cumprir os seguintes requisitos:

1º. Deberán proceder de empresas que teñan como obxecto social a fabricación ou subministración dos bens ou servizos incluídos na oferta, salvo na compra de terreos e edificacións.

2º. Non poderán proceder de empresas vinculadas entre elas nin coa persoa solicitante, nos termos establecidos na lexislación de contratos do sector público. As ofertas presentadas deberán ser auténticas e non de compracencia (contido idéntico, erros idénticos, aparencia sinxela, pouco formal...) de provedores reais e independentes, que estean o suficientemente detalladas e inclúan os mesmos elementos para seren comparables.

3º. Deberán incluír, como mínimo, o NIF, nome e enderezo da empresa oferente, o nome ou razón social da empresa solicitante da axuda, a data de expedición e unha descrición detallada dos conceptos ofertados. Para que a descrición dos conceptos se considere detallada, deberá incluír, no caso de obra civil e instalacións, a relación pormenorizada e cuantificada das unidades de obra que inclúe; no caso de subministración de maquinaria e equipamentos, a súa marca, modelo e características técnicas, e no caso de prestación de servizos, a descrición detallada destes.

Non se considerarán admisibles as ofertas presentadas que non reúnan estes requisitos, o que poderá dar lugar á exclusión como subvencionable do gasto xustificado con esa oferta.

CVE-DOG: gbt5tmd0-kmi4-cz73-rav0-3quj9pokpgq6



A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme criterios de eficiencia e economía e debe xustificarse expresamente nunha memoria a elección, baseada nos criterios sinalados, cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa. En caso contrario, considerarase como importe máximo subvencionable para ese concepto o correspondente á proposta económica máis vantaxosa.

Excepcionalmente, no caso de conceptos subvencionables que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que o fornezan, a moderación de custos poderá xustificarse alternativamente mediante un informe dun taxador, perito ou dun organismo público autorizado en que se determine xustificadamente o seu valor de mercado.

Non se considerarán subvencionables os gastos en que non se xustifique a moderación de custos conforme os criterios e requisitos sinalados neste punto.

d) Autorizacións ou permisos correspondentes para levar a cabo a intervención ou, polo menos, a súa solicitude.

e) No caso de actuacións dirixidas á recuperación de elementos tradicionais da paisaxe rural ou necesarios para o mantemento da paisaxe agraria tradicional como hórreos, milladoiros, cabanas, fontes, alvarizas, muíños, etc. deberá achegarse informe favorable/ autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de non tratarse dun ben de interese cultural ou catalogado ou, polo menos, a súa solicitude.

2. Deberá presentarse, ademais, a seguinte documentación complementaria, dependendo da natureza da persoa solicitante:

a) No caso de que a persoa solicitante non sexa o/a titular da propiedade, certificación da persoa titular da súa dispoñibilidade.

b) No caso de persoas arrendadoras, documento que acredite esa condición.

c) No caso de comunidades de montes veciñais en man común, certificación do acordo da asemblea xeral conforme se autoriza á xunta reitora para solicitar axudas. Comprobase de forma interna, na Sección Provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común, a posesión dos estatutos en regra, en que figure a composición da xunta reitora actualizada conforme os parámetros da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais mancomunados e do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para a execución da devandita lei.



d) No caso de asociacións ambientais e de custodia do territorio, acordo da xunta de goberno ou figura similar para solicitar axudas á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e documento que acredite a condición da entidade como xestor das terras para as cales se solicita a axuda (acordo de custodia, contrato de alugueiro,...). Comprobarase de forma interna a inscrición no Rexistro de asociacións.

e) No caso de concellos, certificación expedida pola persoa titular de secretaría do Concello relativa á resolución adoptada polo órgano local competente, na cal dispón solicitar a subvención regulada nesta orde e da dispoñibilidade dos terreos.

f) No caso de que o terreo obxecto dos traballos sexa propiedade de varias persoas copropietarias, deberá acreditarse o consentimento de todas elas e a representación da persoa solicitante para realizar a acción obxecto da subvención.

A documentación complementaria presentarse preferiblemente por vía electrónica.

A presentación electrónica será obrigatoria para os suxeitos obrigados á presentación electrónica da solicitude. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que for realizada a emenda.

Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente do formulario principal, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños límites establecidos pola sede electrónica ou teña un formato non admi-



tido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán demandados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideren obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

Artigo 10. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) DNI ou NIE da persoa representante.
- c) Consulta de datos de residencia con data da última variación no padrón.
- d) Certificación da titularidade catastral do predio.
- e) Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.
- f) Certificado de estar ao día no pagamento coa Consellería de Facenda.
- g) Fichas Sixpac das parcelas beneficiadas pola acción a partir das referencias achegadas pola persoa solicitante.

CVE-DOG: gbt5tmd0-kmi4-cz73-rav0-3quj9pokpgq6



Consultaranse, ademais, os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle son de aplicación as seguintes circunstancias que acredita o documento correspondente :

a) No caso das comunidades de montes, certificado que acredite a posesión dos estatutos en regra, en que figure a composición da xunta reitora actualizada.

b) No caso de asociacións ambientais e de custodia do territorio, inscrición no Rexistro de Asociacións.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no anexo I e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta de:

a) NIF da persoa xurídica ou entidade solicitante.

b) Certificado de estar ao día nas obrigacións tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 11. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes, tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 12. *Órganos de xestión e resolución*

1. A avaliación da documentación presentada xunto coa solicitude realizarana os servizos de Patrimonio Natural das xefaturas territoriais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. En relación coa solicitude da axuda, o órgano instructor comprobará que a

CVE-DOG: gbt5tmd0-kmi4-cz73-rav0-3quj9pokpgq6



operación cumpre os deberes establecidos pola normativa da Unión Europea, a lexislación nacional e o programa de desenvolvemento rural, entre eles os relativos ás axudas estatais e demais normas e requisitos obrigatorios.

2. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na convocatoria, o órgano instrutor requirirá á persoa interesada que a emende no prazo máximo e improrrogable de 10 días, nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa solicitude, despois da resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo citado.

3. Os servizos de Patrimonio Natural das xefaturas territoriais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda remitirán á Dirección Xeral de Patrimonio Natural os expedientes, xunto cun informe-proposta de aprobación, nun prazo máximo de 30 días naturais, contados a partir da data límite de presentación de solicitudes. O servizo provincial acompañará o devandito informe-proposta dunha táboa coa baremación proposta das solicitudes segundo os criterios reflectidos no artigo 6 desta orde e doutro informe complementario relativo a cada unha das solicitudes asinado por persoal técnico competente desta consellería conforme a acción ou actividade é respectuosa coas finalidades e obxectivos da Rede Natura 2000 e non pon en perigo os valores que xustifican a protección destes espazos, ademais de constituír un uso permitido ou autorizable conforme o Decreto 37/2014, do 27 de marzo.

4. Os expedientes serán avaliados definitivamente por unha comisión creada para tal fin. Esta comisión será presidida pola persoa titular da Subdirección Xeral de Espazos Naturais, e serán membros da devandita comisión as persoas titulares da xefatura do Servizo de Conservación de Espazos Naturais e da xefatura da Sección de Espazos Naturais nos servizos centrais. Esta última actuará como secretario/a. Auxiliará a comisión de avaliación un/unha técnico/a da Dirección Xeral de Patrimonio Natural designada para o efecto polo seu titular.

5. A composición da comisión de avaliación procurará unha composición equilibrada de mulleres e homes.

6. Se algunha das persoas integrantes da comisión non puiden participar nunha sesión por calquera causa, será substituído por unha persoa funcionaria da Dirección Xeral designada polo seu titular.

CVE-DOG: gbt5tmd0-kmi4-cz73-rav0-3quj9pokpgq6



7. A comisión de avaliación dará traslado das súas propostas de resolución á persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural a quen corresponderá ditar a resolución do procedemento de acordo co disposto na disposición derradeira primeira desta orde.

8. A proposta de resolución, conforme os criterios contidos no artigo 6 e as dispoñibilidades orzamentarias, fará mención ás persoas solicitantes para as cales se propón a concesión da subvención, e a contía desta de modo individualizado, especificando a súa avaliación segundo a aplicación dos criterios seguidos para efectuala. As solicitudes para as cales se propoña a súa denegación relacionaranse con indicación da súa causa.

Artigo 13. *Resolución*

1. O prazo para resolver será de catro meses desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día de prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

2. Transcorrido o prazo para resolver sen que a persoa interesada recibise comunicación expresa, entenderanse desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo, conforme prevé o artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, sen prexuízo da obriga legal de resolver expresamente conforme o disposto nos artigos 21 e 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Na resolución que se dite especificaranse os gastos subvencionables, o importe da subvención concedida, os prazos de execución e as condicións xerais e particulares da subvención, informarse as persoas beneficiarias de que a medida se subvenciona en virtude dun programa cofinanciado polo Feader, na submedida 4.4 do programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 na prioridade 4A. Informarse, igualmente, das súas responsabilidades de publicidade segundo o establecido no anexo III do Regulamento de execución (UE) nº 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014. En todo caso, o prazo para a execución será improrrogable.

4. A resolución motivarase de conformidade co disposto nesta orde e na lexislación vixente en materia de subvencións. Constará, ademais do/da solicitante ou relación de solicitantes aos/ás cales se lles concede a axuda, de maneira expresa e, de ser o caso, a desestimación do resto das solicitudes.



5. A resolución dos expedientes desta convocatoria estará condicionada á modificación do PDR 2014-20, de conformidade co artigo 22, número 4 do Regulamento 1303/2013, e o artigo 11, letra b) do Regulamento 1305/2013 do Parlamento e do Concello.

Artigo 14. *Recursos*

1. A resolución ditada poñerá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que os ditou ou ser impugnados directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativo, conforme dispoñen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

2. O prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes se o acto for expreso. Transcorrido devandito prazo, unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, se for o caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión. Se o acto non for expreso, a persoa solicitante e outras posibles persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto.

3. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será dun mes. Contra a resolución dun recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo o devandito recurso.

4. Poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses se a resolución é expresa.

Artigo 15. *Publicidade*

1. A relación das subvencións concedidas publicarase no *Diario Oficial de Galicia* coa indicación da norma reguladora, persoa beneficiaria, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

2. A consellería responsable da iniciativa publicará na súa páxina web oficial a relación das entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluírá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes servizos públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades beneficiarias e a referida publicidade.



3. Por outra banda, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

4. A persoa beneficiaria das axudas deberá cumprir coa exigencia de publicidade da axuda concedida ao amparo do artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e a súa normativa de desenvolvemento.

5. Así mesmo, conforme o anexo III do Regulamento (UE) 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1305/2013, e ás prescricións técnicas establecidas na Estratexia de información e publicidade do PDR 2014-2020 de Galicia, a persoa beneficiaria das axudas deberá cumprir coa normativa sobre información e publicidade das axudas do Feader.

Deste xeito, sempre e cando a execución da actividade o permita, deberá poñer nun panel de tamaño A3 (297×420 mm) en lugar ben visible, preferentemente no acceso ao recinto nos casos das subvencións concedidas para investimentos materiais (anexo VII), que fará referencia clara e inequívoca á axuda concedida con expresión dos datos identificativos desta orde, acompañados polo logotipo oficial da Xunta de Galicia e da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, o logotipo do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e o logotipo e lema do Feader, así como unha referencia á medida do PDR de Galicia pola que se financia o investimento. Antes da súa instalación, deberá solicitarse a aprobación do servizo de Patrimonio Natural correspondente. A persoa beneficiaria deberá proporcionar información sobre o proxecto na cal se destacará a axuda financeira da Unión Europea, e que deberá permanecer durante todo o período de mantemento do investimento.

7. Cando a persoa beneficiaria dispoña dun sitio web para uso profesional, deberá incluír nel unha breve descrición da operación cando poida establecerse un vínculo entre o obxecto do sitio web e a axuda prestada á operación, cos seus obxectivos e resultados, e destacando a axuda financeira da Unión.

Artigo 16. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 17. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos, e en todo caso cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

2. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario. No caso de optar pola notificación en papel, practicarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos deberán optar en todo caso, no formulario, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida, nin produza efectos no procedemento, unha opción diferente.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen 10 días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

CVE-DOG: gbt5tmd0-kmi4-cz73-rav0-3quj9pokpgq6



5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 18. *Aceptación e renuncia*

1. A axuda entenderase aceptada se no prazo de 10 días naturais contados desde o día seguinte ao de notificación da resolución de concesión da dita axuda a entidade beneficiaria non comunica a súa renuncia (anexo IV) ante a Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

2. No caso de renuncias por parte de persoas beneficiarias, poderanse ditar novas resolucións en función das dispoñibilidades orzamentarias derivadas das renuncias, sempre que existan solicitantes que cumpran cos requisitos para beneficiarse das axudas e a solitude obtivese puntuación suficiente en aplicación dos criterios de valoración.

Artigo 19. *Modificación da resolución*

1. Toda alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión, de acordo co disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e segundo o establecido na normativa que regula o seu desenvolvemento.

2. Durante a execución das actuacións non se admitirá ningunha modificación dos investimentos para os cales se concedeu a axuda que supoña o incremento do seu importe nin a inclusión de novos elementos ou gastos. Sen necesidade de instar procedemento de modificación da resolución, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural poderá aceptar variacións nas partidas de gasto aprobadas, coa condición de que as variacións non superen en conxunto o 10 % do orzamento, que non aumente o importe total do gasto aprobado e que non desvirtúen as características do proxecto e as condicións que foron tidas en conta para a resolución da concesión.

Artigo 20. *Compatibilidade*

1. As axudas previstas nesta orde serán compatibles con outras subvencións de calquera outra Administración pública para as mesmas finalidades non financiadas con fondos

CVE-DOG: gbt5tmd0-kmi4-cz73-rav0-3quj9pokpgq6



comunitarios, sempre que a suma das subvencións concedidas non supere o importe total dos gastos subvencionables, conforme o establecido no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Os gastos financiados ao 100 % mediante a presente liña de axudas non poderán financiarse con outras fontes. Igualmente, deberá terse en conta o disposto no número 11 do artigo 65 do Regulamento (UE) 1303/2013.

2. En todo caso, serán incompatibles coa concesión de axudas reguladas pola orde de axudas en materia de conservación dos recursos naturais e o fomento de accións para a poboación local para o desenvolvemento sustentable dos espazos declarados como parques naturais na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 21. *Xustificación e pagamento*

1. O pagamento da subvención efectuarase do seguinte modo:

a) Anualidade 2022:

1º. Poderase solicitar o aboamento dun único pagamento anticipado (anexo VIII) de acordo co establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e nos artigos 63, 65 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da dita lei.

Os pagamentos anticipados suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo a actuación subvencionada nos casos en que o gasto aínda non estea realizado. Este pagamento quedará suxeito ás seguintes condicións:

i. O anticipo non poderá superar o 50 % da axuda concedida nin a anualidade prevista no exercicio orzamentario 2022.

ii. A persoa beneficiaria deberá solicitalo por escrito ante a Dirección Xeral de Patrimonio Natural nun prazo de 10 días contados desde o seguinte ao de notificación da resolución de concesión da axuda, acompañando a súa solicitude dunha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para esta mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes (anexo II).

iii. No caso dos concellos, xunto coa solicitude de anticipo (anexo VIII) deberán presentar a garantía escrita da presidencia da alcaldía do 110 % do importe anticipado.



iv. O resto de persoas beneficiarias para a concesión do anticipo, deberán presentar o resgardo orixinal do depósito da garantía na caixa xeral de depósitos ou ben a copia da garantía ou aval bancario. A concesión do anticipo supeditarase á constitución, con carácter previo ao pagamento, dunha garantía nos termos previstos no artigo 63 do Regulamento (UE) 1305/2013, do 17 de decembro, que deberá estar á disposición da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda na caixa xeral de depósitos da Xunta de Galicia e cubrir o 110 % da cantidade que se vai aboar.

En virtude do establecido na Orde de 23 de marzo de 2008 pola que se regulan os procedementos para a presentación de avais ante a caixa xeral de depósitos da Xunta de Galicia e para a súa devolución (DOG núm. 115, do 16 de xuño), as persoas ou entidades que precisen constituír unha garantía en documento de aval na caixa xeral de depósitos poderán empregar o procedemento telemático que se regula na citada orde.

2º. As actuacións para as cales se solicita a axuda non poderán estar iniciadas antes de que os servizos provinciais de Patrimonio Natural acrediten, unha vez presentada a solicitude, que non están iniciadas mediante a inspección de campo a que se refire o artigo 23.1 desta orde.

3º. No caso de non solicitar anticipo, a persoa beneficiaria deberá solicitar o pagamento da anualidade correspondente ao ano 2022 (anexo V), unha vez executada e xustificada a actividade correspondente.

b) Anualidade 2023: unha vez executada e xustificada a actividade correspondente ao ano 2023 solicitarase o pagamento da segunda anualidade.

2. Unha vez efectuado o investimento, a persoa beneficiaria deberá comunicalo no anexo V ao servizo de Patrimonio Natural das xefaturas territoriais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

3. Os servizos de Patrimonio Natural das xefaturas territoriais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, deberán certificar, despois da inspección *in situ*, que os investimentos se realizaron de acordo coa resolución aprobada.

4. No caso de execucións parciais da actividade, e coa condición de que non comprometan a finalidade da actividade obxecto da subvención, detraerase da axuda inicialmente concedida a parte proporcional da actividade non executada. Neste caso de execucións parciais, a porcentaxe mínima de execución do proxecto non poderá ser inferior ao 70 %



do custo da actuación subvencionada. Por outra banda, se, executada a actividade, o custo xustificado da actividade ou investimento for inferior ao que figura na resolución de concesión, manterase a axuda pero diminuírase proporcionalmente o seu importe.

No caso de discrepancias entre o importe da axuda cuxo pagamento se solicita e o importe da axuda correspondente aos investimentos das cales os servizos provinciais de Patrimonio Natural certifican a súa correcta realización, aplicárase o Regulamento de execución (UE) 1242/2017 da Comisión, que modifica o Regulamento de execución (UE) nº 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no que respecta á aplicación dos procedementos de control e a condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural.

Establecerase:

a) O importe que se aboará á persoa beneficiaria en función exclusivamente da solicitude de pagamento presentada.

b) O importe que se aboará á persoa beneficiaria tras o estudo da admisibilidade da solicitude de pagamento, documentación xustificativa presentada e realidade física dos investimentos correspondentes.

Se o importe establecido segundo a letra a) supera o importe establecido segundo a letra b) en máis dun 10 %, o importe para pagar resultará de aplicar unha redución ao importe establecido segundo a letra b) igual á diferenza entre os dous importes citados.

5. Xunto coa notificación do final dos traballos e solicitude de pagamento (anexo V), a entidade beneficiaria deberá presentar, para os efectos de xustificación da actividade ou acción subvencionada:

a) No caso de entidades locais, certificación do secretario conforme a licitación cumpre a normativa comunitaria e nacional en materia de contratación.

b) As facturas no formato legalmente exixible e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa polo importe total do investimento, de conformidade co disposto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na súa normativa de desenvolvemento e na normativa comunitaria aplicable. As facturas marcaranse cun selo en que se indique a orde reguladora da subvención para

CVE-DOG: gbt5tmd0-kmi4-cz73-rav0-3quj9pokpgq6



cuxa xustificación foron presentadas e se o importe do xustificado se imputa total ou parcialmente á subvención, indicando, neste último caso, a contía exacta que resulte afectada pola subvención, así como que é cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

6. Ademais, acompañarase dalgún dos seguintes documentos xustificativos do pagamento:

a) Xustificante bancario do pagamento pola persoa beneficiaria (xustificante de transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso en efectivo por portelo, certificación bancaria, etc.) en que conste, de maneira expresa, o número da factura obxecto de pagamento, identificación da persoa beneficiaria que paga e da persoa destinataria do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura, con data anterior á de finalización do prazo para a xustificación dos traballos e á cantidade ou cantidades que figuren nas devanditas facturas.

b) Se o pagamento se instrumenta mediante efectos mercantís que permitan o pagamento aprazado (cheque, nota promisorio, letra de cambio, etc.) achegarase a factura xunto coa copia do efecto mercantil, e a documentación bancaria (extracto da conta da persoa beneficiaria, documento bancario acreditativo do pagamento do efecto, etc.) en que conste claramente que este efecto foi efectivamente pagado dentro do prazo de xustificación.

c) No caso de que a persoa beneficiaria realice os traballos con medios propios deberá presentar, coa solicitude, a documentación do proxecto desagregado, diferenciando o custo da man de obra que vai achegar xunto cos previsibles custos materiais da forma seguinte:

1º. Orzamento completo do proxecto de obra que debe detallar a cantidade total de horas das diferentes categorías profesionais que interveñen na execución de cada unha das distintas unidades de obra do proxecto. O custo horario da man de obra calcularase con base no custo que supoñen as nóminas das persoas traballadoras con que vai executar a obra.

Así mesmo, o orzamento fará unha previsión da necesidade de compra de materiais ou emprego dos propios coa correspondente imputación dos custos de amortización deles.

2º. Informe elaborado polo/a técnico/a redactor/a do proxecto en que se describa en que vai consistir tal achega (materias primas, man de obra, bens de equipamento...), dife-

CVE-DOG: gbt5tmd0-kmi4-cz73-rav0-3quj9pokpgq6



renciando se se trata dunha achega para todo o proxecto ou ben para unidades de obra concretas:

i. Cando a man de obra participe en todo o proxecto, deberase achegar un documento do proxecto denominado «Xustificación de prezos» no cal se totalice o número de horas necesarias por categorías para a súa realización e unidades de material empregadas.

ii. Cando a achega en especie se produza en unidades de obra concretas, o persoal técnico redactor terá que especificar en cada unha das unidades o número de horas da achega e unidades de material empregadas.

3º. No caso de que se trate dunha entidade local, deberase achegar, ademais, un certificado da persoa titular da secretaría do concello en que quede acreditado que ese persoal se dedicou ao número de horas que corresponda á execución do proxecto.

4º. Man de obra propia remunerada: deben achegarse as nóminas correspondentes ao tempo dedicado pola persoa traballadora á execución do traballo, certificando especificamente o emprego da porcentaxe de tempo que a persoa traballadora dedica ao proxecto, así como a documentación acreditativa do pagamento das nóminas, cargas sociais e retención de IRPF.

5º. Custos materiais: nos casos de compra de materiais, deben achegarse as facturas acreditativas dese gasto e os xustificantes de pagamento igual que en calquera outra operación Feader.

6º. Se se utilizan medios materiais propios (maquinaria, materiais, etc.) a persoa beneficiaria debe imputar ao proxecto os custos de amortización deses equipamentos ou materiais, custos que deben calcularse de conformidade coas normas de contabilidade e achegarse a documentación acreditativa do sistema de cálculo utilizado.

d) No caso de que a actividade subvencionada se realice mediante contribucións en especie en forma de provisión de obras, bens, servizos, terreos e bens inmoables polos cales non se efectuará ningún pagamento en efectivo documentado con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente, poderán ser subvencionables nas condicións descritas no artigo 69 do Regulamento (UE) 1303/2013.

7. No momento da presentación da solicitude de pagamento final (anexo V), a persoa beneficiaria deberá presentar, no caso de non telas presentado con anterioridade, as di-

CVE-DOG: gbt5tmd0-kmi4-cz73-rav0-3quj9pokpgq6



ferentes licenzas e/ou autorizacións para a realización das actuacións subvencionadas exixibles polas diferentes administracións públicas competentes e entidades vinculadas ou dependentes delas ao amparo da normativa sectorial que puiden resultar de aplicación.

8. A notificación do remate das accións (total ou parcial) e a solicitude de pagamento das axudas deberá xustificarse con data límite do 3 de outubro de 2022 para a anualidade do ano 2022 e do 31 de marzo de 2023 para a anualidade do ano 2023. Estes prazos serán, en todo caso, improrrogables. Para estes efectos considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado dentro do prazo de xustificación.

9. No caso das persoas beneficiadas que solicitasen o anticipo da anualidade 2022, todas as actuacións deberán estar executadas e pagadas no prazo recollido no artigo 21.8 para a anualidade 2022, ben que poderán presentar a xustificación do importe anticipado na data establecida para a anualidade 2023.

Artigo 22. *Financiamento e distribución do crédito*

1. Esta orde financiarase con cargo ás aplicacións orzamentarias 08.03.541B.760.0, 08.03.541B.780.0 e 08.03.541B.781.0 do código de proxecto 201600063 dos orzamentos da Dirección Xeral de Patrimonio Natural por un importe de 2.444.260 euros, coa seguinte distribución por anualidades: 1.222.130 euros para o ano 2022 e 1.222.130 euros para o ano 2023.

Aplicación orzamentaria	Anualidade 2022	Anualidade 2023	Total
08.03.541B.760.0	853.000 €	853.000 €	1.706.000 €
08.03.541B.780.0	169.130 €	169.130 €	338.260 €
08.03.541B.781.0	200.000 €	200.000 €	400.000 €
Totais	1.222.130 €	1.222.130 €	2.444.260 €

Financiarase integramente con cargo ao Programa de desenvolvemento rural de Galicia, cunha achega do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) do 75 %, unha achega do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do 7,50 % e unha achega da Xunta de Galicia do 17,50 %.

2. Esta dotación inicial poderase modificar e/ou incrementar con achegas adicionais sen nova convocatoria previa tras a oportuna tramitación orzamentaria en proporción ao número de solicitudes e ás dispoñibilidades orzamentarias, con cargo ás mesmas aplicacións e



nas condicións previstas no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 23. *Información e control*

1. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda poderá, en calquera momento, inspeccionar e controlar o destino das axudas e o cumprimento dos fins para os cales foron concedidas. En consecuencia, os servizos de Patrimonio Natural das xefaturas territoriais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda poderán facer visitas e inspeccións nos lugares onde se realizaron as actividades, para comprobar a súa adecuación á normativa vixente, así como solicitar, en calquera momento da tramitación do procedemento, canta documentación se considere necesaria para comprobar a adecuada execución das actividades que foron obxecto das axudas.

En particular, con anterioridade á concesión das axudas, todas as actuacións serán inspeccionadas polos servizos provinciais de Patrimonio Natural, que levantarán acta de non inicio para que conste a evidencia de que non foron iniciadas antes desta inspección.

2. A persoa beneficiaria comprométese a someterse ás actuacións de control que deba efectuar a entidade concedente, ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, de acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ás instancias comunitarias de control derivadas da aplicación dos regulamentos de execución (UE) nº 808/2014 e 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014.

3. Seralles de aplicación ás axudas recollidas nesta orde e non se poderá efectuar ningún pagamento sen realizar o pertinente control sobre o terreo, así como o réxime de controis, reducións e exclusión reguladas no Regulamento (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta á aplicación dos procedementos de control e a condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural.

4. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, ao abeiro do establecido no Regulamento (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, realizará controis administrativos de todas as solicitudes de axuda e de pagamento con respecto a todos os aspectos que sexa posible controlar en relación coa admisibilidade da solicitude, así como

CVE-DOG: gbt5tmd0-kmi4-cz73-rav0-3quj9pokpgq6



controis sobre o terreo antes do pagamento final dunha mostra que represente polo menos o 5 % do gasto público de cada ano civil, así como a posibilidade, se for o caso, de sometemento a controis a posteriori dada a posibilidade de realizar actividades de investimento.

5. As persoas beneficiarias das axudas previstas nesta orde teñen o deber de facilitar toda a información que lles sexa requirida, xa sexa a documentación complementaria que os órganos correspondentes da Dirección Xeral de Patrimonio Natural poidan exixir durante a tramitación do procedemento, ou a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas públicas.

6. Para os efectos de comprobación e control, as persoas beneficiarias deberán conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos, incluídos os documentos electrónicos, polo menos durante cinco anos desde o último pagamento.

7. As persoas beneficiarias teñen o deber de levar un sistema de contabilidade separada ou ben un código contable adecuado para todas as transaccións relativas á operación subvencionada.

8. Igualmente as persoas beneficiarias das axudas teñen a obriga de proporcionar á autoridade de xestión, ás persoas avaliadoras designadas ou a outros organismos en que a dita autoridade delegase a realización deste tipo de tarefas, toda a información necesaria para poder realizar o seguimento e a avaliación do programa. Para o cumprimento desta obriga a persoa beneficiaria comprométese a autorizar ao órgano xestor destas axudas o acceso e consulta á información que se precise.

Artigo 24. *Revogación e reintegro*

1. Procederá a revogación das axudas concedidas, así como o reintegro total ou parcial das contías percibidas e a exixencia dos xuros de mora, de acordo co establecido no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos seguintes casos:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que o impedirían.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

CVE-DOG: gbt5tmd0-kmi4-cz73-rav0-3quj9pokpgq6



c) Incumprimento do deber de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 21 desta orde e na lexislación aplicable en materia de subvencións.

d) Incumprimento do deber de adoptar as medidas de difusión e publicidade contidas nos puntos 2 e 3 do artigo 16 desta orde.

e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro incluídas nesta orde e no resto da lexislación aplicable en materia de subvencións, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos, para a mesma finalidade, procedente de calquera Administración ou ente público ou privado, estatal, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

f) Incumprimento das obrigas impostas ás persoas beneficiarias, así como dos compromisos por estes/as asumidos con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

g) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás persoas beneficiarias, así como dos compromisos por estes/as adquiridos con motivo da concesión da subvención distintos dos anteriores, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e a regularidade das actividades subvencionadas, axudas, ingresos ou recursos, para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, estatal, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

h) Adopción, en virtude do establecido nos artigos 107 a 109 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, dunha decisión da cal derive unha necesidade de reintegro.

i) Incumprimento de calquera dos deberes da persoa beneficiaria incluídas nesta orde e na normativa que resulta de aplicación.

2. Nestes supostos, a consellería reclamará directamente a devolución das cantidades aboadas en concepto de axudas e os xuros de mora producidos en función do tempo

CVE-DOG: gbt5tmd0-kmi4-cz73-rav0-3quj9pokpgq6



transcorrido entre a finalización do prazo de pagamento para a persoa beneficiaria indicada na orde de recuperación, que non poderá fixarse en máis de 60 días, e a data de reembolso ou dedución, de acordo co artigo 7 do Regulamento de execución (UE) nº 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, sen prexuízo das responsabilidades a que houber lugar.

De descubrirse que unha persoa beneficiaria efectuou deliberadamente unha declaración falsa, o expediente de axuda de que se trate quedará excluído da axuda do Feader e recuperaranse todos os importes aboados polo devandito expediente. Ademais, a persoa beneficiaria quedará excluída do Feader de que se trate durante o exercicio do Feader seguinte.

3. Nos casos de anulación ou minoración por certificación final das cantidades inicialmente aprobadas, as dotacións orzamentarias resultantes poderanlles ser adxudicadas a outras persoas beneficiarias de acordo coa relación de prioridades e a orde establecida.

4. Naqueles supostos en que o importe das subvencións recibidas pola persoa beneficiaria excedan os custos da actividade, procederase a solicitar a devolución da cantidade percibida que exceda o custo real da actividade cos xuros de mora correspondentes.

5. En todo caso, o procedemento de reintegro observará as prescricións contidas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita lei.

Artigo 25. *Infraccións e sancións*

As persoas beneficiarias seralles de aplicación, nos seus propios termos, o réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións establecido no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como o procedemento previsto no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Do mesmo xeito, será de aplicación o Regulamento (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, e o Regulamento 640/2014, que completa o anterior, no que respecta á aplicación dos procedementos de control e a condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural.

CVE-DOG: gbt5tmd0-kmi4-cz73-rav0-3quj9pokpgq6



Disposición adicional primeira

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda poderá reproducir, almacenar e distribuír por calquera medio, electrónico, en soporte papel ou outros semellantes, a información obtida e os traballos subvencionados mediante esta orde de convocatoria de axudas, citando as fontes das persoas titulares dos dereitos de propiedade intelectual respectando, en todo caso, as prescricións contidas na normativa de protección de datos de carácter persoal.

Disposición adicional segunda

Esta orde tramítase de acordo co establecido na Orde do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, e queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma para os anos 2022 e 2023.

No caso de que, atendidas as solicitudes presentadas nesta convocatoria, haxa un remanente de crédito, poderase reabrir o prazo tantas veces como se considere oportuno, ata esgotar a consignación orzamentaria, por orde publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición derradeira primeira. *Delegación de competencias*

Autorízase expresamente a persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural para actuar por delegación da persoa titular da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións previstas nesta orde.

Así mesmo, deléganse na persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural as facultades relativas aos procedementos de reintegro sinaladas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento*

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural para ditar, no ámbito das súas competencias, as instrucións necesarias para o cumprimento do establecido nesta orde.

CVE-DOG: gbt5tmd0-kmi4-cz73-rav0-3quj9pokpgq6



Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2021

Ángeles Vázquez Mejuto
Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

CVE-DOG: gbt5tmd0-kmi4-cz73-rav0-3quj9pokpgq6



PROCEDEMENTO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
AXUDAS A INVESTIMENTOS NON PRODUTIVOS VINCULADAS Á REALIZACIÓN DE OBJECTIVOS AGROAMBIENTAIS E CLIMÁTICOS INCLUIDOS NA REDE NATURA 2000	MT814A	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE								
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					
SEXO	<input type="radio"/> HOME	<input type="radio"/> MULLER	DATA DE NACEMENTO	<input type="text"/>				
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			
PARROQUIA	LUGAR							
<input type="text"/>	<input type="text"/>							
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO						
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>						

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)			
<input type="text"/>			

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN					
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:					
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO				
<input type="text"/>	<input type="text"/>				
ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE					
As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.					
<input type="radio"/> Electrónica , a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal https://notifica.xunta.gal Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.					
<input type="radio"/> Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).					
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA	LUGAR				
<input type="text"/>	<input type="text"/>				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		

DATOS BANCARIOS	
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
<input type="text"/>	IBAN <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>

TIPO DE SOLICITANTE	
<input type="radio"/> Propietarias ou residentes	<input type="radio"/> Comunidade de montes veciñais en man común
<input type="radio"/> Asociacións/Agrupacións	<input type="radio"/> Persoas titulares ou arrendadoras de explotacións agrícolas ou gandeiras
<input type="radio"/> Concellos	

OBJECTO DA SOLICITUDE	
<input type="radio"/> Grupo 1.a) Actividades dirixidas á mellora da paisaxe agraria e ao desenvolvemento dos usos recreativos	
<input type="radio"/> Grupo 1.b) Actividades dirixidas á recuperación de elementos históricos patrimoniais ou culturais representativos da paisaxe agraria tradicional	
<input type="radio"/> Grupo 1.c) Actividades dirixidas á preservación dos hábitats ou ecosistemas	



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDAANEXO I
(continuación)

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO

DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE SUBVENCIONABLE

ORZAMENTO SEN IVE (€)

REFERENCIA SIXPAC DAS PARCELAS AGRÍCOLAS BENEFICIADAS

SUPERFICIE NATURA 2000 BENEFICIADA POLA ACCIÓN (HA)

DESCRIPCIÓN SINTÉTICA DA ACTUACIÓN

A PERSONA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para o mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para o mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ESTADO ⁽¹⁾	IMPORTE (€)

⁽¹⁾ No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase PENDENTE. No caso de solicitudes denegadas, farase constar DENEGADA

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
6. Que son certos os datos que se consignan na solicitude relativos á conta bancaria en que se efectuará o pagamento das axudas, así como que a persoa solicitante é o seu titular.
7. Estar ao día das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

Para todo tipo de solicitante

- ☐ Anteproxecto ou memoria técnica asinada por persoal técnico competente (deberá conter, como mínimo, a descrición de traballos ou actividades, xustificar a ZEC en que se vai a traballar, a superficie de actuación e os obxectivos ambientais a que contribúe, relación valorada, planos de situación e detalle, orzamento detallado e con IVE desagregado, calendario e prazo aproximado de execución. De preverse o emprego de medios propios, presentarase a documentación do proxecto desagregado diferenciando o custo da man de obra que se vaia achegar xunto cos seus previsibles custos materiais. Facilitaranse como mínimo os datos indicados no anexo III).
- ☐ Tres ofertas de tres empresas diferentes orzando a execución daquelas unidades que se prevexa executar mediante licitación.
- ☐ Autorizacións e permisos correspondentes para levar a cabo a intervención ou, polo menos, a súa solicitude.
- ☐ Certificación da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e/ou municipal de non tratarse dun ben de interese cultural ou estar catalogado (no caso de actuacións dirixidas á recuperación de elementos tradicionais da paisaxe rural ou necesarios para o mantemento da paisaxe agraria tradicional).

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Acreditación da representación.			

Documentación segundo a natureza da persoa solicitante

- ☐ Certificación do/da titular da súa dispoñibilidade, no caso de que a persoa solicitante non sexa a persoa titular da propiedade.
- ☐ Documento que acredite a condición, no caso de persoas arrendatarias.
- ☐ Certificación de acordo da asemblea xeral conforme autoriza á xunta reitora para solicitar axudas, no caso de montes veciñais en man común.

No caso de asociacións ambientais e de custodia do territorio:

- ☐ Acordo da xunta de goberno ou figura similar para solicitar a axuda.
- ☐ Documento que acredite a condición da entidade como xestor das terras para as cales se solicita a axuda (acordo de custodia, contrato de alugamento).

No caso de concellos:

- ☐ Certificación expedida pola persoa titular da secretaría relativa á resolución adoptada polo órgano local competente, en que se dispoña solicitar a subvención regulada nesta orde.

No caso de que o terreo obxecto dos traballos sexa propiedade de varios copropietarios, deberá presentar:

- ☐ Documento que acredite o consentimento de todos os copropietarios.
- ☐ Documento que acredite a representación do solicitante para realizar a acción obxecto da subvención.

XUNTA
DE GALICIA

